

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Linguaxe e práctica musical	1º Bac.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A materia de Linguaxe e Práctica Musical achega ao alumnado unha formación máis fonda no coñecemento da música. Grazas ao estudo da súa linguaxe como da experimentación da súa práctica desenvolverá as súas destrezas expresivas e creativas. A escoita é inherente á música, é a forma de percibila e, sobre todo, de apreza-la e sentila. Mais a través da audición pódense identificar os seus elementos e analizar as súas características, reflexionar sobre as emocións inherentes que esperta a propia percepción musical. Neste sentido, é fundamental que o alumnado adquira un vocabulario axeitado para describir a música e expresar as súas opinións e sentimentos.

A partitura convértese en obxecto de estudo. Por unha banda conecta os aspectos perceptivos coa súa representación gráfica e serve de soporte á interpretación e, por outra, permite a conservación do repertorio e achega información sobre a evolución da súa propia linguaxe a partir do estudo comparado.

Ademais da escoita e da partitura, medios de acceso ás obras musicais, o alumnado acadará o coñecemento a través da práctica interpretativa, da improvisación e da creación. Os instrumentos musicais, os obxectos de son, a voz e o corpo serán as canles polas que desenvolver a súa expresividade e creatividade. Igualmente, a participación en proxectos colaborativos que favorezan os procesos creativos, serán unha constante nesta disciplina e un medio para o seu crecemento persoal.

As aplicacións e programas informáticos para a transcripción, gravación, edición ou difusión musical facilitarán o desenvolvemento de numerosos coñecementos, destrezas e aptitudes.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical está deseñada a partir de cinco obxectivos que están vinculados cos da etapa, así como coas competencias clave previstas para o bacharelato, especialmente en conciencia e expresión culturais.

A adquisición destes cinco obxectivos permitirá que o alumnado poida recoñecer e utilizar os elementos da linguaxe musical e adquirir a sensibilidade necesaria para achegarse á música desde a interpretación e a creación, ao tempo que desenvolve un criterio musical propio.

Os criterios de avaliación despréndense directamente dos obxectivos, e xunto cos contidos divídense en dous bloques. O primeiro, "Linguaxe musical", inclúe os aspectos relacionados coa linguaxe musical como fundamento teórico da materia, e a análise da música a través da escoita activa e da partitura; mentres que o segundo, "Práctica musical", refírese ás estratexias e técnicas de escoita para a práctica musical, ás técnicas de interpretación ou de lectura, e o uso de aplicacións e programas informáticos para a edición de partituras, a produción musical e audiovisual e a súa difusión.

A programación consta de dez unidades didácticas con 3 centros de interese para cada trimestre: Linguaxe musical, Práctica musical e Repertorio. Linguaxe musical 1, Linguaxe musical 2 e Linguaxe musical 3. Práctica musical 1, Práctica musical 2 e Práctica musical 3. Repertorio 1, Repertorio 2 e Repertorio 3.

As 3 unidades de cada trimestre deben de impartirse simultaneamente, é dicir non hai que rematar Linguaxe musical 1 para impartir Práctica musical 1, así mesmo sucede coa unidade de Repertorio, irémola traballando desde o principio do trimestre.

Realmente, o máis idóneo é empezar pola unidade de "Práctica musical 1" para poder entender e asimilar mellor os contidos teóricos da unidade "Linguaxe musical 1", xa que a metodoloxía desta programación busca a interiorización dos contidos teóricos a través dos prácticos, tal e como se reflicte nas liñas de actuación do punto 1.1.4 Orientacións Pedagóxicas do currículo: "o alumnado adquirirá os coñecementos da linguaxe musical a partir da experiencia".

A unidade "Repertorio 1" é unha unidade acumulativa para os tres trimestres, debido a que o repertorio pode ser interpretado por bloques trimestrais ou todo ao final do curso. O alumnado fará prácticas reais da experiencia de ser músico, xa que irá estudando en orquestra ou agrupación coral, pezas musicais ou cancións de diferentes estilos para seren interpretadas en público, de ser posible, ao final do trimestre ou nas datas de conmemoración do calendario escolar máis oportunas.

A última unidade "Todos á escena!" é transversal a todo o curso. Está deseñada para a creación, planificación, desenvolvemento e interpretación de proxectos artístico-musicais colaborativos, e contempla a utilización de técnicas e aplicacións informáticas e da súa posible difusión en plataformas dixitais. Esta unidade entronca directamente coas unidades de Repertorio de todos os trimestres.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Cultivar a escoita activa, desenvolvendo estratexias de atención, para recoñecer e describir cun vocabulario adecuado os elementos que forman parte dunha obra e para reflexionar sobre aspectos subxectivos e emocionais inherentes á percepción musical.	1		2		11-31			1-31
OBX2 - Identificar os elementos musicais de obras de diferentes estilos e épocas, analizando e comparando partituras con diversas grafías, para describir as súas características e reflexionar sobre os factores que afectan á evolución da notación musical.	1-2		2		11			2
OBX3 - Aplicar estratexias de interpretación musical e coreográfica, utilizando a lectura como medio de aproximación á obra e adquirindo de forma progresiva habilidades de decodificación e integración da linguaxe musical, para realizar improvisacións ou executar con autonomía propostas musicais e dancísticas sinxelas.	2				11-12			31-32
OBX4 - Realizar proxectos musicais colaborativos, planificando e implementando as súas fases e asumindo funcións diversas dentro do grupo, para favorecer procesos creativos e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.			3	3	32-50	2	1-3	41-42
OBX5 - Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais no ámbito musical, utilizando ferramentas de procesamento do son, de produción audiovisual e de edición de partituras, para desenvolver procesos de escritura, creación e difusión musical.		1		2-3	11		1-3	2-41
OBX6 - Interpretar un repertorio de obras musicais en formación orquestral (instrumentos Orff ou outros) ou vogal con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas de interpretación.					11-31			42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe musical 1	Nesta unidade achegarémonos de novo á linguaxe musical e aos signos de representación básicos dos parámetros do son e os seus elementos principais. Servirá esta unidade tamén como punto de partida e de avaliación dos coñecementos previos do alumnado. Altura: pentagrama, liñas adicionais, signos de clave. Notas en clave de sol. Intervalos simples. Escalas: modos e tonalidade. Duración: figuras musicais e silencios, compases simples. Términos básicos de agónica. Intensidade: signos básicos de dinámica. Timbre: relación cos diferentes signos de clave. Elementos da música. ritmo, melodía, harmonía, textura, forma. Tamén a través da escoita e da análise reflexiva de audicións e de partituras simples descubriremos os elementos básicos que conforman a música.	10	14	X		
2	Práctica musical 1	Nesta unidade achegarémonos á práctica da música a través da escoita activa e da transcripción musical a partir dos ditados sinxelos, da entonación consciente de células melódicas básicas, da identificación do pulso e compases simples, da composición sinxela de melodías e do uso dun programa de edición. Así mesmo, retomaremos a lectura rítmica e melódica de células básicas, a interpretación vocal, instrumental, corporal e dancística, e iniciaremos na composición melódica. Servirá tamén para a avaliación inicial das destrezas adquiridas polo alumnado na etapa anterior no eido da práctica musical.	10	14	X		
3	Repertorio 1	Con esta unidade iremos elaborando un repertorio de cancións ou pezas musicais de diferentes estilos. Elas servirán de exemplo vivo dos contidos teóricos que iremos aprendendo na unidade "Linguaxe musical" de cada trimestre. É unha unidade transversal dentro da propia programación. O repertorio escollido de interpretación instrumental, vocal ou dancístico poderá obterse da adaptación de pezas da música culta, popular, tradicional ou do repertorio das músicas do mundo, procurando que reforcen os contidos da unidade ou que	10	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Repertorio 1	sirvan de ampliación para futuras unidades.	10	14	X		
4	Linguaxe musical 2	Nesta unidade continuaremos afondando no coñecemento da linguaxe da música iniciado no primeiro trimestre: O ritmo: ampliaremos a lectura de novas células rítmicas. A melodía: intervalos compostos. Outras escalas: cromática, pentatónica, escala do blues, etc. A música modal. Os compases compostos. Ampliaremos os contidos da harmonía co estudo dos acordes tríades e da súa función na tonalidade. O cifrado americano básico. Afondaremos no coñecemento de máis termos da agóxica e dinámica que enriquecen a expresividade musical. Tamén a partir do visionado e da escoita activa de fragmentos, obras ou cancións, da análise de audicións e partituras da música occidental culta, popular urbana, tradicional e doutras culturas onde estean presentes estes contidos.	10	14		X	
5	Práctica musical 2	Nesta unidade continuaremos afondando nos contidos da unidade Práctica musical 1, e ampliando os coñecementos da linguaxe musical traballados na unidade Linguaxe musical 2. Así, a partir da lectura, a primeira vista ou preparada, do desenvolvemento auditivo a través dos ditados e da execución e interpretación consciente de fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, continuaremos desenvolvendo as destrezas técnicas requiridas para a interpretación musical e dancística, e afianzaremos os contidos teóricos da unidade Linguaxe musical 2. Tamén nos serviremos da composición de melodías sinxelas con acompañamentos a base dos acordes tonais, da creación de ideas coreográficas e da improvisación musical e dancística a través dos instrumentos, a voz, o corpo ou a danza. Todo isto apoiado co uso de aplicacións e programas informáticos	10	14		X	
6	Repertorio 2	Nesta unidade utilizaremos preferiblemente adaptacións de pezas da música popular urbana, da nosa música tradicional e das músicas doutras culturas que sirvan para reforzar os contidos da unidade.	10	14		X	
7	Linguaxe musical 3	Nesta unidade ampliaremos o estudo do ritmo a través do coñecemento dos ritmos irregulares e libres, das polirritmias e polimetrías, dos grupos de valoración	10	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Linguaxe musical 3	especial, dos compases de amalgama presentes na música do século XX e no folclore da música tradicional española e doutras culturas. Afondaremos no coñecemento das diferentes escalas e da súa relación coa linguaxe expresiva de cada época. Ademais, e desde unha análise comparada, estudaremos a evolución da notación desde as grafías primitivas, e a notación convencional ata a notación contemporánea. Así mesmo, seguiremos no afondamento dos contidos aprendidos ao longo do curso. E isto faremolo a través da escoita activa, da análise crítica e reflexiva de partituras de fragmentos ou obras de diferentes épocas e culturas. Coa bagaxe do coñecemento adquirido, reflexionaremos, a partir da escoita, sobre as diferentes formas de expresión de emocións e sentimentos que ten a música segundo o contexto de creación e a actualidade	10	14			X
8	Práctica musical 3	Nesta unidade ampliaremos as destrezas na práctica musical cos contidos da unidade Linguaxe musical 3. Faremolo a través da interpretación e a improvisación tanto instrumental como vocal, corporal ou dancística. Tamén a partir da lectura e da improvisación de breves estruturas rítmico-melódicas, da interpretación de fragmentos de obras ilustrativas e da creación de pequenas composicións cos elementos da unidade de linguaxe 3. Ademais afianzaremos os coñecementos adquiridos ao longo do curso co afondamento no estudo dos contidos dos anteriores trimestres.	10	14			X
9	Repertorio 3	Nesta unidade seguiremos a utilizar preferiblemente adaptacións de pezas da música popular urbana, da música tradicional e das músicas doutras culturas. Tamén, se é posible, algún fragmento adaptado da música culta do século XX que sirva para reforzar os contidos da unidade	10	14			X
10	Todos a escena!	Esta unidade é transversal a todo o curso. A súa función é a interpretación dun espectáculo musical ou escénico en público, de concertos do alumnado ou de actuacións dancísticas. Hai que ter presente que a preparación dun repertorio en formación orquestral, vocal ou dancística esixe moita dedicación, e aínda máis se engadimos a montaxe	10	14	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Todos a escena!	escénica e audiovisual. O obxectivo é dar a oportunidade ao alumnado de sentirse músico e artista, creando un espectáculo musical escénico coas achegas dos integrantes do grupo, co uso das tecnoloxías e a través do repertorio estudado ao longo do curso.	10	14	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguaxe musical 1	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e describir os diferentes parámetros do son e elementos musicais dunha obra (rítmicos, melódicos, harmónicos, tímbricos, formais etc.), aplicando estratexias de escoita activa e de lectura analítica de partituras, e utilizando un vocabulario específico adecuado.	Recoñecer e describir cun vocabulario técnico adecuado os elementos musicais impartidos na unidade a través da escoita activa e lectura analítica dunha obra ou fragmento.	PE	100
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Analizar e describir os elementos da linguaxe musical aprendidos que estean presentes en partituras de grafía convencional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Signos de representación musical dos parámetros do son. - A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues etc.). - Escalas modais. A modalidade no folclore e a música pretonal. - O ritmo: compases simples, compostos e de amálgama; ritmos básicos e complexos, irregulares e libres. - A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. - A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas. - A textura: tipos. - Elementos expresivos da música: dinámica, agónica e articulación; indicacións e termos.

Contidos

- Notación convencional (grafía tradicional) e notación non convencional (introdución á notación da música contemporánea).
- Cifrado americano básico: nome das notas, acorde maior e menor.
- Estratexias de escoita ou visionado e de análises de pequenas obras ou fragmentos musicais sinxelos, de distintos estilos e épocas, a partir da escoita activa e con ou sen apoio de partitura. Identificación do estilo e características musicais (agónica, d
- A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.

UD	Título da UD	Duración
2	Práctica musical 1	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Recoñecer a través da escoita os intervalos simples maiores e menores. Identificar o pulso, acento e compás. Ler partituras e realizar ditados dos contidos da unidade.	TI	100
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Interpretar individual e en grupo a través da voz e dos instrumentos musicais atendendo á partitura os elementos musicais impartidos na unidade		
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Executar coa técnica adecuada e a través dos instrumentos de placas, intervalos harmónicos ou melódicos simples. Interpretar e improvisar estruturas melódicas e harmónicas cunhas pautas dadas.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Utilizar o corpo e os instrumentos musicais para crear improvisando esquemas rítmicos ou melódicos sinxelos.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Utilizar ferramentas de edición de partituras nas actividades de creación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura e execución instrumental e vogal e a primeira vista e preparada, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amalgama. Ritmos irreg

Contidos

- Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves.
- Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz.
- Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafas relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agónica.
- Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais ¿Orff ou outros obxectos de son¿ de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura.
- Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel.
- Práctica auditiva ou interpretativa ¿instrumental e vogal¿ de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos.
- Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas.
- Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.

UD	Título da UD	Duración
3	Repertorio 1	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación e desenvolvemento dun proxecto escénico asumindo o seu rol e respectando as achegas dos integrantes do grupo.	TI	100
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Realizar colaborativamente unha produción musical audiovisual e difundila en contornas seguras reflexionando sobre o respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Aprender o repertorio seleccionado mantendo unha escoita activa, as destrezas técnicas axeitadas e seguir as indicacións e xestos da dirección, desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas.
- Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas.

Contidos

- Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a
- Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.
- Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.
- Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

UD	Título da UD	Duración
4	Linguaxe musical 2	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e describir os diferentes parámetros do son e elementos musicais dunha obra (rítmicos, melódicos, harmónicos, tímbricos, formais etc.), aplicando estratexias de escoita activa e de lectura analítica de partituras, e utilizando un vocabulario específico adecuado.	Recoñecer e describir cun vocabulario técnico adecuado os elementos musicais impartidos na unidade, a través da escoita activa e lectura analítica dunha obra ou fragmento.	PE	100
CA1.2 - Describir as sensacións que xera a música e a súa posible vinculación coas características da obra e o contexto en que foi creada, reflexionando e extraendo conclusións sobre aspectos subxectivos inherentes á escoita musical.	Reflexionar e describir, a través da escoita activa e cun vocabulario adecuado, as sensacións que transmiten as pezas musicais desta unidade vinculando o contexto da súa creación co actual.		
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Analizar e describir os elementos musicais da unidade a través de partituras ou fragmentos, relacionándoos co contexto ao que pertencen		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Signos de representación musical dos parámetros do son.
- A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues etc.).
- Escalas modais. A modalidade no folclore e a música pretonal.
- O ritmo: compases simples, compostos e de amálgama; ritmos básicos e complexos, irregulares e libres.
- A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.

Contidos

- A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas.
- A textura: tipos.
- Elementos expresivos da música: dinámica, agónica e articulación; indicacións e termos.
- Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas.
- Notación convencional (grafía tradicional) e notación non convencional (introdución á notación da música contemporánea).
- Cifrado americano básico: nome das notas, acorde maior e menor.
- Estratexias de escoita ou visionado e de análises de pequenas obras ou fragmentos musicais sinxelos, de distintos estilos e épocas, a partir da escoita activa e con ou sen apoio de partitura. Identificación do estilo e características musicais (agónica, d
- A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.

UD	Título da UD	Duración
5	Práctica musical 2	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Recoñecer a través da escoita intervalos simples xustos. Identificar o pulso e o acento nos compases simples e compostos. Ler partituras e realizar ditados das células rítmicas e melódicas da unidade.	TI	100
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Interpretar musicas, individualmente e en grupo, a través da voz e dos instrumentos, atendendo á partitura e aos elementos musicais impartidos na unidade. Interpretar unha muiñeira.		
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Executar coa técnica adecuada e a través dos instrumentos de placas intervalos harmónicos ou melódicos, acordes tríades. Interpretar e improvisar estruturas melódicas e harmónicas cunhas pautas dadas.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Crear a través da improvisación pautada e os instrumentos musicais, melodías (escalas pentatónica, diatónica e modais). Improvisar corporalmente, coas células rítmicas da unidade, pequenas estruturas.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Utilizar algún dos programas de edición de partituras e procesamento de son e de produción audiovisual nas actividades de creación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura e execución instrumental e vogal á primeira vista e preparada, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irreg - Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves. - Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz. - Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafías relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agónica. - Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais ¿Orff ou outros obxectos de son¿ de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura. - Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel. - Práctica auditiva ou interpretativa ¿instrumental e vogal¿ de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos. - Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas. - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.

UD	Título da UD	Duración
6	Repertorio 2	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación e desenvolvemento dun proxecto escénico colaborativo co repertorio estudado, asumindo o seu rol e respectando as achegas dos integrantes do grupo.	TI	100
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Realizar colaborativamente unha produción musical audiovisual e difundila en contornas seguras, reflexionando sobre o respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Aprender o repertorio seleccionado - mantendo unha escoita activa- coas destrezas técnicas axeitadas, e seguindo as indicacións e xestos da dirección, desenvolvendo tamén o rol adecuado en cada obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas.
- Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas.
- Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a
- Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.
- Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.
- Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

UD	Título da UD	Duración
7	Linguaxe musical 3	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e describir os diferentes parámetros do son e elementos musicais dunha obra (rítmicos, melódicos, harmónicos, tímbricos, formais etc.), aplicando estratexias de escoita activa e de lectura analítica de partituras, e utilizando un vocabulario específico adecuado.	Recoñecer e describir cun vocabulario técnico adecuado os elementos musicais impartidos na unidade a través da escoita activa e lectura analítica dunha obra ou fragmento.	PE	100
CA1.2 - Describir as sensacións que xera a música e a súa posible vinculación coas características da obra e o contexto en que foi creada, reflexionando e extraendo conclusións sobre aspectos subxectivos inherentes á escoita musical.	Reflexionar e describir, a través da escoita activa e cun vocabulario adecuado, as sensacións que transmiten as pezas musicais desta unidade vinculando o contexto da súa creación co actual.		
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Analizar e describir os elementos musicais da unidade a través de partituras ou fragmentos escritos con grafías convencionais e non convencionais, relacionándoos co contexto.		
CA1.4 - Comparar a representación dos elementos musicais en partituras con diferente grafía, reflexionando sobre os factores que inciden na evolución da notación musical.	Comparar e extraer conclusións reflexionando sobre os factores que inciden na evolución da notación musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Signos de representación musical dos parámetros do son.
- A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues

Contidos

- etc.).
- Escalas modais. A modalidade no folclore e a música pretonal.
- O ritmo: compases simples, compostos e de amálgama; ritmos básicos e complexos, irregulares e libres.
- Polirritmias e polimetrías.
- Grupos de valoración especial.
- A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.
- A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas.
- A textura: tipos.
- Elementos expresivos da música: dinámica, agónica e articulación; indicacións e termos.
- Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas.
- Notación convencional (grafía tradicional) e notación non convencional (introdución á notación da música contemporánea).
- Cifrado americano básico: nome das notas, acorde maior e menor.
- Estratexias de escoita ou visionado e de análises de pequenas obras ou fragmentos musicais sinxelos, de distintos estilos e épocas, a partir da escoita activa ¿con ou sen apoio de partitura¿. Identificación do estilo e características musicais (agónica, d
- Análise comparada e reflexiva de fragmentos de obras de diferentes épocas con distintas grafías, convencionais e non convencionais. Evolución da notación musical.
- A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.

UD	Título da UD	Duración
8	Práctica musical 3	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Ler pequenos fragmentos u obras que reflectan os contidos da UD Linguaxe musical 3. Afondar na lectura, recoñecemento auditivo e transcripción dos elementos da linguaxe musical estudados no curso.	TI	100
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Interpretar musicas, individualmente e en grupo, a través da voz e dos instrumentos, atendendo á partitura e aos elementos musicais impartidos na unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Executar coa técnica adecuada e a través dos instrumentos de placas os contidos da UD Linguaxe musical 3. Interpretar e improvisar pequenas estruturas melódicas e harmónicas cunhas pautas dadas.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Crear a través da improvisación pautada, dos instrumentos ou do corpo, pequenas estruturas que reflectan os contidos da UD Linguaxe Musical 3.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Utilizar algún dos programas de edición de partituras e procesamento de son e de produción audiovisual nas actividades de creación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura e execución instrumental e vogal ¿a primeira vista e preparada¿, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irreg - Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves. - Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz. - Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafías relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agónica. - Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais ¿Orff ou outros obxectos de son¿ de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura. - Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel. - Práctica auditiva ou interpretativa ¿instrumental e vogal¿ de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos. - Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas. - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.

UD	Título da UD	Duración
9	Repertorio 3	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación e desenvolvemento dun proxecto escénico colaborativo co repertorio estudado, asumindo o seu rol e respectando as achegas dos integrantes do grupo.	TI	100
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Realizar colaborativamente unha produción musical audiovisual e difundila en contornas seguras, reflexionando sobre o respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Aprender o repertorio seleccionado - mantendo unha escoita activa- e as destrezas técnicas axeitadas, seguindo as indicacións e xestos da dirección e desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas. - Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas. - Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre. - Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. - Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

UD	Título da UD	Duración
10	Todos a escena!	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación e desenvolvemento dun proxecto escénico colaborativo co repertorio estudado, asumindo o seu rol e respectando as achegas dos integrantes do grupo.	TI	100
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Utilizar as ferramentas tecnolóxicas e dixitais para realizar colaborativamente unha produción audiovisual co material do repertorio do concerto.		
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Difundir en contornas seguras, reflexionando sobre o respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor, o produto audiovisual dos concertos ou actos realizados.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Interpretar en concerto, de memoria ou con partitura, ou interpretar en acto escénico ou dancístico, o repertorio estudado ao longo dos trimestres, coas destrezas técnicas e interpretativas axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas. - Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas. - Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas. - Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre. - Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. - Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación seguen a mesma estrutura e planificación nos tres trimestres, sendo os contidos acumulativos, para afianzalos ao longo do curso mediante a práctica. En cada trimestre traballaremos unha parte teórica da linguaxe musical, o na que abrangueremos os contidos máis salientables que permitan unha comprensión xeral e contextualizada no tempo da linguaxe musical. Unha parte práctica de desenvolvemento das técnicas e destrezas interpretativas tanto no eido da improvisación, como da creación, ou da interpretación instrumental, vocal e dancística. Outra de repertorio de distintos estilos e épocas que facilitará ao

alumnado a adquisición dos obxectivos e a aprendizaxe significativa dos contidos.

Por último, a posta en escena de todo o repertorio traballado. O exercicio da práctica orquestral e a interpretación en agrupación vocal ou dancística, así como a realización doutros proxectos colaborativos son un recurso metodolóxico importantísimo nesta programación. Constitúen o fío condutor que aúna todos os contidos específicos da materia, os transversais, os obxectivos e as competencias clave e permite o desenvolvemento integral do alumnado.

As unidades didácticas de cada trimestre están pensadas para desenvolverse nalgúns casos de forma simultánea, é dicir, dividiremos cada sesión dedicando unha parte do tempo a traballar a técnica da práctica musical, outra parte a montar repertorio, un tempo para os contidos teóricos abranguidos primeiro a través da práctica, etc.

A metodoloxía a usar nas clases será principalmente activa e colectiva, baseada na observación e apoiada na experiencia. O alumnado será o descubridor da súa propia técnica e das súas posibilidades. O alumnado será o que trate de dar respostas aos seus problemas técnicos, e o profesorado fará o papel de guía, axudando e orientando cando o necesite, favorecendo así a autonomía no proceso de aprendizaxe. O profesorado detectará as necesidades concretas do alumnado e programará estratexias concretas de aprendizaxe que favorezan ademais a interacción e o traballo grupal. Algúns dos principios metodolóxicos a ter en conta son:

- O alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe, a través da súa actividade intelectual.
- Aprender e modificar coñecementos que dalgunha forma xa se posúen, para enriquecelos e adecualos mellor á realidade musical.
- A aprendizaxe musical é constante, de forma que os contidos serán retomados en varias ocasións ao longo do curso.
- A motivación do alumnado é un factor fundamental a conseguir para que se dea o proceso de ensino-aprendizaxe significativo.
- A comprensión do traballo en equipo e a importancia de saber desenvolver o rol preciso en cada momento na agrupación como premisa do traballo de aula.
- O traballo da autoestima e a reflexión sobre o papel de cada un no conxunto social como base das actitudes a desenvolver.
- O fomento do traballo interdisciplinar, dando cabida a outras materias que integren diferentes aprendizaxes e potencien novos talentos técnicos e artísticos.
- Teremos en conta a igualdade entre sexos, evitando os roles de xénero en relación a interpretación dancística ou a problemática no proceso de muda da voz, nas obras vocais, así como as particularidades de cada alumna e alumno.
- O desenvolvemento da creatividade e o espírito crítico é un dos principios metodolóxicos fundamentais a ter en conta á hora de planificar as actividades e o repertorio da clase.
- A formación no respecto cara os demais e do medio ambiente, así como a relación coa contorna social, económica e cultural forman tamén, xunto cos principios anteriormente mencionados, a base metodolóxica desta programación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dotación de instrumental Orff u outros instrumentos e obxectos de son da aula de música
De Pedro, Dionisio. Teoría Completa de la Música, vol. 1 e 2 Editorial Real Musical
Ibañez Cursá. Cuadernos de Teoría. Editorial Real Musical
Temes, José Luís. Tratado de Solfeo Contemporáneo (En aberto na súa web)
Robles Martín, M ^a Victoria e Robles Ojeda, Gabriel. Nuevo lenguaje Musical. Ediciones Sib
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimúsica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7

Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A. "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Chapuis, jacques. Elementos de Solfeo y Armonía del Lenguaje Musical. Editions Pro Música, Fribourg- Suisse
Robles Ojeda, Gabriel. Díctados Fáciles, (varios volúmenes). Editorial Si Bemol
Sierra, Félix. Lenguaje Musical. Editorial: Real Musical
López arenosa, Encarnación. Lenguaje Musical. Ritmo y Lectura. Editorial Real Musical
Navarrete Ana María. Lenguaje Musical. Editorial Real Musical
Apps e programas informáticos: Musescore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.
Web www.atrilcoral.com
http://cpmh-lenguajemusical.blogspot.com/2011/11/canciones-para-memorizar-intervalos.html
https://aulamusicaldeadriana.blogspot.com/
https://www.teoría.com/

- "Musescore": programa gartuito de edición de partituras.
- "Audacity": programa gartuito para mezclar e manipular pistas de audio.
- "Garageband": programa gartuito para sistema Mac co que se pode grabar música e mezclar e manipular pistas de audio.
- "Music maker jam": app que é pequeno estudio de grabación de 8 pistas nas que podemos misturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuíta con algúns contidos de pago.
- "ireal": app de pago que funciona como un minus one, é dicir, toca os acordes de cancións para que poidamos cantar ou tocar por enriba. Podemos atopar cancións xa feitas ou escribir nós o esquema armónica da canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan.
- "Music studio lite": app cun piano virtual e instrumentos gartuitos para tocar e grabar. Algúns instrumentos son de pago.
- "Loopstation" app para misturar distintos loops. Gratuíta con algunhas partes de pago.
- "Web atril coral": web con partituras de coro gartuitas de todas as épocas e estilos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial na materia de Linguaxe e práctica musical de 1º de Bacharelato terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado da etapa anterior.

Nas primeiras unidades, Linguaxe Musical 1 e Práctica Musical 1 faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras, das destrezas auditivas e da práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas na etapa anterior

1. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódica e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.
2. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma.
3. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical.
4. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será executada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, así como outros instrumentos que consideremos idóneos. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso e á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.
5. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódica e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.
6. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma.
7. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións, como as destrezas no movemento e danza, ou o manexo da tecnoloxía, irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada, ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	100	0	0	100	0	0	100	0	0	0
Táboa de indicadores	0	100	100	0	100	100	0	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	30
Táboa de indicadores	70

Criterios de cualificación:

Dado que a materia ten dous bloques de contidos diferenciados, un teórico e outro de práctico, e que a metodoloxía das unidades é altamente procedimental, as porcentaxes de cada bloque de contidos serán:

- Proba teórica escrita: 30%. A proba teórica contará con exercicios de linguaxe musical, de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras, de exercicios de composición, de transcripción de partituras a través de ferramentas dixitais, etc. Todas estas tarefas de avaliación estarán axustadas aos contidos de cada unidade. Ademais, poderá contar con preguntas en formato test e outras de redación.

- Parte práctica, participación, traballo regular na aula e na casa, traballos a presentar na aula, interpretación instrumental/vocal/dancística, creación de proxectos audiovisuais ou escénicos, etc.: 70%. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática con táboas de indicadores ou rúbricas que se utilizarán en cada sesión, e tamén haberá unha rúbrica específica para as actuacións públicas, para os exames individuais prácticos de interpretación e para os proxectos audiovisuais e escénicos. No caso dos exames individuais o alumnado deberá demostrar que sabe completa a súa parte de interpretación da obra/s de avaliación.

O aprobado acadarase cunha puntuación mínima de 5.

A nota da avaliación ordinaria será a media dos tres trimestres.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior. Por exemplo, se a media é de 7.3, a nota será 7; se a media é 7.7, a nota será 8.

Criterios de recuperación:

O alumnado de 1º Bacharelato que acade unha cualificación inferior a 5 na avaliación final ordinaria realizará actividades que servirán tanto de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados como de apoio, reforzo, así como de preparación -de ser necesario- das probas extraordinarias. Estas actividades poderán ser de dous tipos

Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a avaliación ordinaria e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e a metodoloxía aplicada.

Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

Estas actividades corresponderán aos dous bloques da materia teórico e práctico.

Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos.

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para recuperar a materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación seguirán os criterios de cualificación establecidos na programación.

A Proba extraordinaria de xuño e criterios de cualificación seguirán o mesmo deseño que as probas da avaliación ordinaria.

A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluírá os contidos teóricos e prácticos. A cualificación final da materia de Linguaxe e práctica musical obterase coa suma das notas acadadas aplicando as porcentaxes dos dous apartados de contidos teóricos e prácticos, e será necesario acadar unha cualificación de 5 puntos para superala.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente de Linguaxe e Práctica Musical o alumnado desenvolverá ao longo dos trimestres unhas actividades de recuperación que corresponderán cos bloques de contidos teóricos e prácticos da materia e responderán aos contidos da programación:

Contidos teóricos: exercicios escritos de linguaxe musical, de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras; exercicios de composición, de transcripción de partituras a través de ferramentas dixitais, etc.

Contidos prácticos de lectura rítmica, melódica e interpretación musical: práctica da lectura rítmico-melódica de exercicios sinxelos estudados previamente ou a primeira vista que conteñan as células rítmicas do curso e en clave de Sol, coa tesitura establecida no curso. Estudo individual das pezas de interpretación instrumental/vocal e práctica interpretativa con acompañamento gravado "play alone".

O alumnado realizará trimestralmente unhas probas parciais que avalíen os contidos tanto teóricos como prácticos. Estes serán avaliados cos mesmos criterios de cualificación que para o alumnado que cursa a materia por primeira vez. Son os seguintes:

- Proba teórica escrita: 30%. A proba teórica contará con exercicios de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras, de exercicios de composición, de transcripción de partituras, a través de ferramentas dixitais, etc. Todas estas tarefas de avaliación estarán axustadas aos contidos da programación. Ademais, poderá contar con preguntas en formato test e outras de redacción.

- Parte práctica: 70%. Traballo regular nas tarefas de recuperación mensual ou trimestral e as actividades de interpretación musical. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática nas sesións fixadas polo departamento, con táboas de indicadores ou rúbricas. Utilizaranse tamén as táboas de indicadores nos exames individuais prácticos de interpretación.

No caso das probas de interpretación, o alumnado deberá demostrar que sabe completa a súa parte de interpretación da obra/s de avaliación.

Se o alumnado supera todas as probas trimestrais cunha cualificación mínima de 5 recuperará a materia pendente. A nota da avaliación ordinaria será a media dos tres trimestres. No caso de que non superase as probas de avaliación trimestral, poderá realizar unha proba global que terá a mesma estrutura que as trimestrais e que abranguerá todos os contidos do curso, tanto teóricos como prácticos. Esta proba global será a mesma tanto para a avaliación ordinaria como, de ser o caso, para a extraordinaria.

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente fixarase un recreo semanal onde o alumnado poderá acudir a preguntar dúbidas. Nestas sesións entregarase o material de apoio para preparar a materia, pistas de audio para aprender as pezas, apuntamentos da parte teórica, así como soporte audiovisual a ditos contidos.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos de clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia cústalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X			X	
ET.2 - Creatividade		X			X			X
ET.3 - Autonomía		X	X		X	X		X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X	X		X	X		X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes		X	X		X	X		X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X			X			X	
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X		X	X		X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X			X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora		
ET.2 - Creatividade	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita		

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballárase principalmente nas unidades 1, 4 e 7 a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballárase nas unidades 2, 3, 5, 6, 8, 9 e 10 a través da interpretación musical, escénica ou dancísticas composición de exercicios de movementos e percusión corporal, improvisación...
- Autonomía: traballárase nas unidades 2, 3, 5, 6, 8, 9 e 10 a través de actividades de improvisación, e creación e participación nos proxectos de interpretación musical, escénica, dancísticos audiovisuais en grupo.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 3, 5, 6, 8, 9 e 10. Actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo. .
- Igualdade entre sexos: unidades 2, 3, 5, 6, 8, 9 e 10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1, 4 e 7. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 5, 6, 8, 9 e 10. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1, 4 e 7. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral da análise de audicións e partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concertos do alumnado	Interpretación pública, en formación orquestral ou vocal grupal con/sin acompañamento musical, cara o final dos trimestres ou nas datas de conmemoración seleccionadas.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións escénicas e dancísticas	Interpretación pública de montaxes escénicas e dancísticas cara o final dos trimestres ou nas datas conmemorativas seleccionadas.			X
Concertos e actuacións solidarias	Interpretación musical ou escénica do alumnado en centros de maiores, hospitais, etc	X	X	
Concertos e actuacións musicais ou dancísticas	Asistencia como público a algún concerto ou actuación de interese musical para o alumnado, como por exemplo a asistencia aos concertos organizados por Compostela cultura no auditorio de Galicia ou aos concertos organizados pola sociedade filarmónica de Vilagarcía.	X	X	X
Charlas e conferencias didácticas	Asistencia como público a charlas ou conferencias didácticas de interese musical para o alumnado.	X	X	X

Observacións:

Os concertos e actuacións musicais escénicas ou dancísticas do alumnado poderán realizarse tanto dentro como fóra do Centro.

Os concertos, as charlas e conferencias didácticas impartidas por profesionais da música, da danza ou da pedagogía musical ou dancística poderán ser realizadas tanto no propio centro como en salóns ou auditorios, tanto da contorna como de fóra. Estas actividades dependerán da oferta de particulares ou de institucións públicas ou privadas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou Acadado
Metodoloxía empregada
Regular ou mellorable
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regular ou Mellorable
Clima de traballo na aula
Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da

propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario, ou dunha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: avaliar se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
 - Idoneidade das unidades didácticas propostas: avaliar se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
 - Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
 - Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
 - Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades parécenlles adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores: ben ou acadado, mal ou non acadado, e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior (avaliación do proceso de ensino e práctica docente), valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así, o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento realizarase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

1. Participación nun obradoiro de percusión

Procuraremos organizar un obradoiro de percusión no que participaría o alumnado de 1º de bacharelato.